



## Teaching Guide

Identifying Data					2020/21
Subject (*)	Teaching Sliding Skills		Code	620G01019	
Study programme	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Second	Obligatory	6	
Language	Spanish				
Teaching method	Hybrid				
Prerequisites					
Department	Educación Física e Deportiva				
Coordinador	Ripoll Alberti, Antonio	E-mail	antonio.ripoll@udc.es		
Lecturers	Ripoll Alberti, Antonio	E-mail	antonio.ripoll@udc.es		
Web					
General description	<p>Resulta evidente o feito de que o deporte como fenómeno social e cultural fose incorporado definitivamente en programas da área de educación física. De forma particular, a presenza dun conxunto de actividades físicas e deportes que teñen como fundamento as habilidades de deslizamiento sobre patíns, xustifícase non só por ser un feito recoñecido socialmente, senón tamén porque este tipo de actividades físicas xeran unha ampla variedade de situacións psico e sociomotrices altamente enriquecedoras para o individuo, o que sen dúbida lles outorga un importante valor pedagóxico no marco das actividades físicas. Os modelos de execución técnica, tanto de carácter aberto como pechado, que configuran a estrutura coordinativa deste tipo de actividades e deportes sobre patíns, poden supoñer un atractivo recurso na formación psico e sociomotriz do individuo: educación do esquema corporal, maduración das destrezas e habilidades motrices, etc., nos diferentes ciclos do sistema educativo e outros ámbitos de actuación.</p> <p>Cada materia/deporte debido á singularidade dos seus contidos, ten necesidade dunhas formulacións de ensino diferenciados, por iso podemos falar dunha "didáctica das habilidades de deslizamiento sobre patíns de rodas", que se desenvolverá de acordo a un programa axustado á especificidade dos seus contidos, expostos dunha forma teórica, práctica e de intervención na súa liña de ensino.</p> <p>No Plan de Estudos do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, a materia obrigatoria "Habilidades de deslizamiento e a súa didáctica", localizada no Módulo 4º "Fundamentos dos deportes" e situada en 2º curso, ademais de estar vinculada á área de coñecemento "Educación Física e Deportiva", encádrase dentro dos denominados coñecementos de ensinos obrigatorios, cos que se pretende formar ao futuro Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte a través tanto do coñecemento de ciencias prácticas, como de coñecementos de intervención práctica, para exercer profesionalmente como educador, técnico deportivo e/ou promotor do desenvolvemento da saúde individual e social a través da actividade física e do deporte.</p> <p>Dado o carácter obrigatorio da materia "Habilidades de deslizamiento e a súa didáctica", con ela preténdese ofrecer ao alumno unha visión xeral do conxunto de actividades e modalidades deportivas sobre patíns, atendendo especialmente ao coñecemento dos elementos técnicos que as estruturan e priorizando a intención pedagóxica fronte á preocupación polo rendemento deportivo. O fin primordial será conseguir que o alumno adquira un coñecemento suficiente das actividades e modalidades deportivas sobre patíns, e das vías de intervención pedagóxicas tanto dunhas como doutras, que lle capaciten para desenvolver un ensino de base dirixida primordialmente ao ámbito da educación física no medio escolar, da recreación e do lecer. Por outra banda, tamén se marca como obxectivo potenciar e estimular o interese do alumnado pola materia e a súa profundización, o cal levará a cabo en etapas posteriores.</p>				



<b>Contingency plan</b>	<p>1. Modifications to the contents</p> <p>2. Methodologies</p> <p>*Teaching methodologies that are maintained</p> <p>*Teaching methodologies that are modified</p> <p>3. Mechanisms for personalized attention to students</p> <p>4. Modifications in the evaluation</p> <p>*Evaluation observations:</p> <p>5. Modifications to the bibliography or webgraphy</p>
-------------------------	---

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A5	Fomentar a convivencia, estimulando e poñendo en valor a capacidade de constancia, esforzo e disciplina dos participantes nas actividades de educación física e deportiva.
A25	Identificar e comprender os requisitos psicomotores e sociomotores das habilidades deportivas, executando basicamente as habilidades motrices específicas dun conxunto de deportes, considerando as diferenzas por xénero.
A26	Identificar e aplicar as peculiaridades didácticas de cada especialidade deportiva na intención pedagóxica dos diferentes ámbitos de intervención.
B1	Coñecer e posuír a metodoloxía e estratexia necesaria para a aprendizaxe nas ciencias da actividade física e do deporte.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersoal e traballo en equipo.
B10	Saber aplicar as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
B16	Dominar habilidades de comunicación verbal e non verbal necesarias no contexto da actividade física e o deporte.
B17	Promover e avaliar actividades de ampliación curricular, referentes á creación de hábitos autónomos de actividade física e deporte.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Identificar e comprender os requisitos psicomotores e sociomotores das actividades e modalidades deportivas sobre patíns, e doutros medios de deslizamento, coñecendo os elementos técnico-tácticos que as estruturan, e executándoos basicamente.	A5	B1	C1
	A25	B3	C3
	A26	B4	C6
		B10	
		B11	
		B16	
		B17	



Deseñar, desenvolver e avaliar procesos básicos de ensino-aprendizaxe en habilidades de deslizamiento sobre patíns e outras actividades deportivas sobre patíns, con atención ás súas peculiaridades didácticas, tendo en consideración a diversidade de xénero, idade e discapacidade.	A5	B1	C1
	A25	B3	C3
	A26	B4	C6
		B10	
		B11	
		B16	
	B17		

Contents	
Topic	Sub-topic
Contextualización da materia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Presentación</li> <li>-Localización curricular</li> <li>-Obxecto de estudo: definición</li> <li>-Localización no ámbito das actividades físico-deportivas</li> <li>-Aplicación nos diferentes contextos de intervención profesional</li> <li>-Avaliación</li> <li>-Planificación de contidos e actividades</li> </ul>
Parte Teórica Unidade de análise I A patinaxe como medio para a práctica deportiva. Iniciación á patinaxe. Bloque temático 1º - Orixes, evolución e análise morfo-funcional dos distintos tipos de patíns. Tema 1.- Orixe e evolución dos patíns e a patinaxe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Orixes dos patíns de rodas</li> <li>-O patín de eixos e a moda da patinaxe</li> <li>-O auxe do patín en liña</li> <li>-Os patíns e a patinaxe en España: inicios e situación actual</li> <li>-Os patíns e a patinaxe en Galicia: inicios e situación actual</li> </ul>
Tema 2.- Descrición e características morfo-funcionais diferenciadoras entre os distintos tipos de patíns.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Descrición detallada del patín de ejes</li> <li>-Descrición detallada del patín en línea</li> <li>-Diferencias morfo-funcionales básicas</li> <li>-Diferencias formales</li> <li>-Diferencias funcionales</li> <li>-La elección del patín</li> <li>-Protecciones</li> <li>-Mantenimiento y limpieza de los patines</li> </ul>
Bloque temático 2º - Fundamentos da patinaxe. Tema 3.- Fundamentos motores da patinaxe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Introdución</li> <li>-Os fundamentos motores propios da patinaxe. Conceptos e clasificación.</li> <li>-Contrastación do equilibrio: camiñar vs patinar</li> <li>-A posición básica do patinados</li> <li>-Posicións de seguridade</li> </ul>
Tema 4.- Fundamentos técnicos da patinaxe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Introdución</li> <li>-Habilidades básicas da patinaxe. Concepto e clasificación</li> <li>-Fundamentos técnicos. Concepto e clasificación</li> <li>-Saídas</li> <li>-Pasos. Concepto e clasificación</li> <li>-Freadas. Concepto e clasificación</li> <li>-Cambios de dirección. Concepto e clasificación</li> <li>-Xiros. Concepto e clasificación</li> <li>-Saltos</li> </ul>



Bloque temático 3º - Didáctica da patinaxe na iniciación. -Tema 5.- Directrices metodolóxicas aplicables na iniciación á patinaxe.	-Consideracións pedagóxicas para a iniciación á patinaxe -Basees e estrutura dun modelo de xestión pedagóxica -Modelos e medios de intervención para a iniciación ao patinaxe -Recursos didácticos -A seguridade na patinaxe
-Tema 6.- Proceso de iniciación á patinaxe. Etapas e niveis.	-Introdución -Etapa de familiarización. -Etapa de iniciación ? 1ª Fase: desenvolvemento das técnicas básicas. Niveis. -Etapa de iniciación ? 2ª Fase: desenvolvemento das técnicas avanzadas. Niveis. -Clasificación do patinador segundo o seu nivel
Bloque temático 4º - A patinaxe no medio escolar. - Tema 7.- Xustificación das actividades e deportes sobre patíns no medio educativo.	-As actividades e deportes sobre patíns e a educación física. -As actividades e deportes sobre patíns e o currículo de educación física. -Aplicación das actividades e deportes sobre patíns no ensino. -Vantaxes propostas da patinaxe no ámbito educativo
Unidade de análise II Modalidades deportivas sobre patíns. Iniciación ao hockey sobre patíns. Bloque temático 5º - Modalidades deportivas sobre patíns. -Tema 8.- Deportes sobre patíns.	-Hockey sobre patíns -Patinaxe artística -Patinaxe de velocidade / Carreiras -Hockey en liña -Freestyle -Outras actividades deportivas
-Tema 9.- Aproximación Hockey sobre patíns.	-Breve recensión histórica -Regulamento -Características morfo-funcionais -Fundamentos técnico-tácticos do xogador de pista. -O porteiro -Nocións tácticas elementais -Minihockey
Bloque temático 6º - Temas complementarios. - Tema 10.- Outras actividades de deslizamiento.	-Introdución -Monopatín -Wabeboard -Longboard -Windskite -Outras modalidades
Parte Práctica Bloque temático I - Didáctica dos fundamentos técnicos da patinaxe. -Tema 1.- Etapa de familiarización e adaptación ao medio patín.	-Niveis -Contidos -Presentación de exercicios
-Tema 2.- Etapa de iniciación á patinaxe - desenvolvemento de técnicas básicas.	-Niveis -Contidos -Presentación de exercicios
-Tema 3.- Etapa de iniciación - desenvolvemento de técnicas avanzadas.	-Niveis -Contidos -Presentación de exercicios
Bloque temático II - Medios e instrumentos para a didáctica da patinaxe: modelos de aplicacións prácticas. -Tema 4.- Recursos didácticos como medios de apoio na iniciación á patinaxe.	-Patíns e xogos: presentación de exercicios. -Patíns e materiais didácticos: presentación de exercicios. -Patíns e música: presentación de exercicios.



Bloque temático III - Experimentación práctica de modalidades deportivas sobre patíns. - Tema 5.- Prácticas de hockey sobre patíns. Minihockey.	-Hockey sobre patíns -Contidos -Presentación de exercicios -Minihockey -Contidos -Presentación de exercicios
Bloque temático IV - Experimentación práctica doutros medios, actividades, deportes de deslizamiento. - Tema 6.- Prácticas de patinaxe de recreo e lecer. Itinerarios.	-Técnicas de patinaxe de recreo e lecer -Itinerarios

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	A5	1	0	1
Guest lecture / keynote speech	A25 A26 B1 C1 C6	10	20	30
Physical exercise	A25 A26	24	30	54
Supervised projects	B4 B10 B11 B16 C3	14	20	34
Objective test	A25 A26 C1	3	20	23
Field trip	B3 B17	0	5	5
Personalized attention		3	0	3

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	<p>Actividades que levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de contextualizar/presentar a materia.</p> <p>Con esta actividade, ademais, preténdese coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados ao programa formativo.</p> <p>Tamén se pretende transmitir información relevante que permita ao estudante coñecer a organización da materia/clases, material deportivo, instalacións, etc.</p>
Guest lecture / keynote speech	<p>Nas actividades que utilizan a metodoloxía de sesión maxistral, traballaranse os contidos que conforman o marco teórico da materia mediante a exposición oral, acompañada co uso de presentacións, de medios audiovisuais, e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introductoria de cada un dos temas de que consta o programa para, posteriormente, profundar nos aspectos máis relevantes dos mesmos e indicar, á vez, que aspectos debe ampliar o estudante co seu traballo persoal e a través dos traballos tutelados, sempre coas oportunas indicacións do profesor e as respectivas orientacións bibliográficas.</p>
Physical exercise	<p>Coas actividades de prácticas de actividade física preténdese que o alumnado aprenda a través de realización de actividades de carácter práctico tales como demostracións, exercicios, propostas, coreografías, prácticas deportivas, etc.</p> <p>En concreto, nesta materia, con elas preténdese que o estudante practique/aprenda a execución básica dos distintos fundamentos técnico-tácticos que conforman as actividades e deportes patíns.</p>



Supervised projects	Ao redor dos diferentes temas, tanto teóricos como prácticos, propoñeráse a realización de traballos en grupo, que se iniciarán na aula e, logo, deberán ser completados mediante o traballo autónomo do estudante, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes alumnos-as/grupos. Para a elaboración destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais teórico-prácticos básicos da materia, así como outros complementarios. Finalmente, a través da exposición (aula ou instalación deportiva), cada grupo compartirá os traballos cos demais grupos.
Objective test	A proba obxectiva constituirá unha actividade final da materia con carácter evaluativo, a través da cal o alumnado deberá dar resposta a unha serie de preguntas, de resposta máis ou menos curta, sobre cuestións relacionadas cos temas teóricos e prácticos da materia, e tamén sobre contidos relacionados coas dinámicas de traballo levadas a cabo ao longo do desenvolvemento da materia.
Field trip	Con este tipo de actividades, desenvolveranse prácticas nun contexto/espazo diferente ao que habitualmente se desenvolve a materia. Serán actividades centradas en espazos, instalacións, etc., externas ao ámbito académico, e que propician e fomentan o desenvolvemento de capacidades relacionadas coas habilidades de deslizamento.

## Personalized attention

Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech Physical exercise Supervised projects	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo presencial co profesor. A forma e o momento en que se desenvolverá esta atención personalizada, indícase en relación con cada actividade/traballo tutelado ao longo do curso, segundo o plan de traballo da materia.</p> <p>Cada estudante/grupo, realizará polo menos unha tutoría antes da presentación dos traballos tutelados.</p> <p>Para os matriculados con dedicación parcial, a materia habilitará unhas titorías especiais, fóra do horario habitual de titorías, tanto de mañá como de tarde, para atender as necesidades e consultas deste tipo de estudantes relacionadas coa materia, e proporcionarlles apoio e orientación sobre os contidos da materia. Estas titorías levarán a cabo tanto de forma presencial, no despacho do profesor, como non presencial, a través de correo electrónico ou medios similares.</p>

## Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
---------------	---------------------------	-------------	---------------



Physical exercise	A25 A26	<p>Proba práctica: proba utilizada para a avaliación práctica do alumno-a, que pretende determinar a aprendizaxe e a execución básica dos distintos fundamentos técnico-tácticos da patinaxe e outras actividades deportivas sobre patíns.</p> <p>Recollerá contidos da parte práctica do programa.</p> <p>Consistirá na execución por parte do alumno-a dun circuío de habilidades sobre patíns, a través dun número determinado de estacións, en leste caso sete. No seis primeiras, realizaranse respectivamente unha serie de fundamentos técnicos básicos da patinaxe; e no sete executaranse unha serie de habilidades técnicas relacionadas con distintas actividades deportivas sobre patíns.</p> <p>Os criterios de avaliación de cada unha das estacións fundaméntanse en base a dous parámetros: execución (técnica) e velocidade.</p> <p>O alumno-a poderá executar o circuío tanto con patíns de eixos como patíns en liña.</p> <p>Para os alumnos-as en réxime de dispensa de escolaridade, con matrícula parcial, e alumnos con experiencia previa no ensino-aprendizaxe, competicións ou exhibicións sobre patíns contémpase a posibilidade de realización de dita proba fóra do centro académico e posterior envío da videofilmación da mesma.</p>	50
Supervised projects	B4 B10 B11 B16 C3	<p>En relación cos traballos tutelados valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-A súa afinidade e integración co tema elixido como proposta.</li><li>-A comprensión da situación presentada considerando a complexidade dos factores que interveñen no ámbito educativo.</li><li>-O uso dunha linguaxe propia do contexto disciplinar.</li><li>-A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.</li><li>-A presentación e claridade de exposición, así como a intervención en relación coa situación presentada.</li></ul>	20
Objective test	A25 A26 C1	<p>Recollerá preguntas das distintas unidades de análises, bloques temáticos e temas do programa, tanto do seu parte teórica como do seu parte práctica.</p> <p>O valor de cualificación de cada bloque será proporcional á súa presenza no desenvolvemento global do programa da materia.</p> <p>O non contestar (deixar en branco) algún dos bloques ou os seus temas supoñerá restar o valor do devandito bloque á cualificación final da proba.</p> <p>O exame presentarase no idioma de impartición da materia. Se algún alumno-a desexa unha copia do exame no outro idioma oficial da UDC, deberá solicitalo ao profesor unha semana antes da data de realización.</p>	30

## Assessment comments



O sistema, criterios e elementos propostos para a avaliación da materia "Habilidades de deslizamiento e a súa didáctica" axustaranse á natureza teórico e práctica dos obxectivos, competencias e contidos desenvolvidos durante o curso. Por tanto, o alumno deberá dar conta na súa avaliación final dos contidos teóricos e prácticos da materia, a través de dous exames, un teórico (proba obxectiva) e outro práctico (proba práctica).

A proba teórica poderá dividirse en tres probas parciais ao longo do curso en substitución da proba teórica final. Estas probas serán programadas e coñecidas polo alumno-a cunha antelación mínima de 10 días e levarán acabo nos bloques horarios habilitados para a materia en modo presencial ou a través da plataforma Moodle.

Ademas, o alumno-a deberá realizar un traballo grupal, a concretar polo profesor, tamén relacionado cos contidos da materia. A cualificación final virá determinada pola media ponderada do tres apartados. Os aprobados parciais dalgún dos apartados da avaliación, manteranse as cualificacións obtidas na parte ou partes aprobadas para posteriores convocatorias.

A asistencia a clase e a participación do alumno-a nas prácticas que se desenvolverán ao longo do curso académico, poderá supor ata unha décima de punto por cada unha das prácticas nas que o alumno participe, ata un máximo de 2 puntos; sendo o mínimo necesario para obter a dicir puntuación, participar no 70% das sesións prácticas.

Para os alumnos-as matriculados-as con dedicación parcial, dispensa de escolaridade, así como para outros alumnos que, ben por motivos xustificadas (traballo, discapacidade, lesionados de longa duración, cotas estimadas na lei, outros colectivos desfavorecidos, etc.); ou ben pola súa experiencia práctica anterior, non asistan regularmente ás clases prácticas e as súas respectivas actividades, acordarán co profesor a forma de avaliación, realizando a proba obxectiva (30%) e adaptando as outras dúas metodoloxías de avaliación (proba práctica e traballos tutelados, 70%) a cada caso concreto, en calquera das dúas oportunidades.

## Sources of information

<b>Basic</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Areces Gayo, Alberto (1993). Aproximación pedagógica al patinaje y al hockey sobre patines. . A Coruña. Col. Cuadernos técnico-pedagógicos do INEFGalicia nº 13. Centro Galego de Documentación</li> <li>- Areces Gayo, Alberto (1998). El componente táctico-estratégico en hockey sobre patines. Aproximación conceptual. A Coruña. Col. Cuadernos técnico-pedagógicos do INEFGalicia nº 31</li> <li>- Areces Gayo, Alberto (1998). El componente técnico-táctico en hockey sobre patines. Aproximación conceptual. A Coruña. Col. Cuadernos técnico-pedagógicos do INEFGalicia nº 30</li> <li>- De Diego, N. (1996). Patinaje artístico sobre ruedas. Madrid. Ed. Gimnos</li> <li>- Gourinchas, A. y Millet-Le Breton, E. (1994). Patinage a roulettes. Paris. Editions "Revue EPS"; Collection Des jeux aux sports</li> <li>- Jordi Díaz Burrul (1997). Unidades didácticas para secundaria VI. Juegos y actividades sobre patines en línea. El hockey en la escuela. Barcelona. Inde</li> <li>- Martin Van Doren; Ulrich Pramann (1992). Fascinación. Skateboarding. Barcelona. Paidotribo</li> <li>- Paulo José Batista (2002). Iniciação a patinagem. Lisboa. Centro de Estudos de Formação Desportiva</li> <li>- Powell, M. y Svensson, J. (1995). Patinaje en línea. Barcelona. Ed. Hispano Europea</li> <li>- Rappelfeld, J. (1994 ). Patinaje en línea. Barcelona. Ed. Martínez Roca</li> <li>- Sam Nieswizski (1991). Rollermania. Paris. Sports et jeux 128</li> <li>- Tejeiro Sandomingo, Víctor (2009). Las habilidades de deslizamiento sobre ruedas en el contexto educativo. Wanceulen. Editorial DEportiva</li> <li>- William Nealy (1999). En línea. Manual para patinadores principiantes e intermedios. Madrid. Desnivel</li> </ul>
<b>Complementary</b>	

## Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments



O alumno-a estará provisto de proteccións de xeonllos, cóbados e bonecas. Serán de uso obrigado nas sesións prácticas. O casco é opcional, aínda que recomendable. A principio de curso, na medida do posible e con certa flexibilidade, dadas as circunstancias excepcionais; publicarase vía Moodle o calendario docente da materia, especificando o tipo de docencia (T/P) e temática a tratar en cada unha das sesións; así como as datas das probas obxectivas parciais a levar a cabo no cuadrimestre.

**(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.**